

Cultura e Cata do Viño



Lugar: Lar das Meigas (Rúa do Vilar, nº 47 Baixo. Santiago).

Data: mércores 15 de Decembro, ás 20 horas.

Conductor da sesión: **Xavier Castro**

Adega invitada: **Marqués de Vizhoja** (D.O. Rías Baixas. O Condado)

Prezo desta sesión: 10€

CURSO DE CULTURA DO VIÑO, LITERATURA E MÚSICA

3ª SESIÓN: FEDERICO GARCÍA LORCA.

(Cada sesión é independente. Pódeste apuntar unicamente a ela, no local en que se celebra, á hora do comezo)

A terceira sesión do 2º Curso de Cultura do Viño, Literatura e Música vai estar dedicada a un grande poeta, membro da Xeración do 27, Federico García Lorca. Os **comentarios** do director do curso, **Xavier Castro** (autor de *A rosa do viño*, *A la sombra exemplar de los parrales* e *A mesa e manteis*), e as intervencións e **recitados** da profesora **María Outes**, darán conta da gracia e as características esenciais da súa obra literaria e tamén das súas suxestivas **referencias á cultura do viño**. Combinaranse estas exposicións coa audición de **obras musicais relacionadas con universo lorquiano**, ilustradas con vídeos exhibidos nunha pantalla. Previsiblemente, algúns dos poemas musicalizados propiciaran a práctica do **canto coral**, por parte dos asistentes.

Mais convén tamén mollar a palabra e, deste xeito, as glosas e comentarios iranse entreverando co **paladeo dun viño de Xerez** e dos **caldos da adega** invitada para esta sesión, **Marqués de Vizhoja** (D. O. Rías Baixas), que elabora uns excelentes e gorentosos viños caracterizados polo seu xenuíno feitío. Servirase tamén **pan de pita**, símbolo da Andalucía árabe que engaiolou a Lorca, e un compango composto de **xamón das Alpujarras e aceitunas aliñadas**. A todo isto da dereito a inscrición (10 €).

Ao cabo, farase así mesmo un **concurso de apreciación literaria do viño**. Os alumnos que desexen aspirar ao galardón, tentarán de reflectir as impresións que lles produza o paladeo do viño realizando composicións poéticas, ben ao xeito estilístico do *Cancioneiro xitano*, ou ben ao dos poemas rimados en lingua galega. Tamén poderán optar polo libérrimo e onírico sendeiro creativo que caracteriza o estilo surrealista de *Poeta en Nova York*, ou mesmo haberá quen queira explorar a opción da escritura automática de intencionalidade poética.

